

PREMIOS “FALAR FACENDO” 2020

AOS MELLORES PROXECTOS DOS CONCELLOS DO PP NA PROVINCIA DE A CORUÑA

**“Os alcaldes teñen as mesmas características que os emprendedores: actitude,
compromiso e dedicación”**

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. Obxecto e descrición do premio. Público obxectivo.

O Partido Popular provincial de A Coruña convoca a primeira edición dos premios “FALAR FACENDO” co obxectivo de recoñecer e premiar iniciativas solidarias e innovadoras e proxectos que melloren a calidade de vida dos veciños, postos en marcha nos concellos gobernados por persoas do Partido Popular e que poidan acreditar o seu funcionamento.

Poderán participar todos aqueles concellos que o desexen e poderán presentar as candidaturas tanto os propios alcaldes como os concelleiros ou calquera persoa que considere oportuno.

Coa posta en marcha destes premios, o Partido Popular da provincia da Coruña pretende:

1. Identificar, recoñecer e apoiar proxectos ou iniciativas postas en marcha para o maior benestar dos veciños.
2. Potenciar e favorecer a interactividade entre proxectos e concellos co fin de mellorar a xestión municipal

Segunda. Categorías

Os premios “FALAR FACENDO” recoñecen os mellores proxectos nas seguintes categorías:

1. **Saúde e deporte.** “Coidamos aos veciños”. Inclúense nesta categoría todo tipo de iniciativas e programas saudables para a veciñanza, calquera que sexa a súa idade. Como exemplos de iniciativas innovadoras neste apartado poderían entrar programas ou plans relacionados co exercicio físico para os maiores, a teleasistencia na casa para os dependentes, o servizo de atención a domicilio, o programa de xantar na casa, a implantación de rutas seguras para os máis pequenos, a programación de rutas de autobuses axustadas ás necesidades da poboación, as alternativas de ocio para os mozos, as actividades para a terceira idade...

2. **Medio Ambiente.** “Coidamos ao noso pobo”. Entran neste apartado todos os programas de apoio ao coidado do medio ambiente tales como a instalación de contenedores para a recollida selectiva, a potenciación dos puntos limpos, a organización de xornadas de limpeza de ríos ou montes, as campañas de concienciación da veciñanza, o fomento da reciclaxe...
3. **Os nosos peques.** Valoraranse todo tipo de programas útiles para os máis novos da casa e que axuden tamén ás súas familias á conciliación da vida laboral e familiar como as axudas económicas por fillo, os programas de atención a madrugadores nos colexios, o funcionamento de garderías municipais, os comedores escolares, os campamentos en época de vacacións escolares...
4. **Igualdade e participación cidadá.** Iniciativas postas en marcha para implicar aos veciños na xestión municipal e tamén na toma de decisións como publicación de noticias en boletíns ou na páxina web municipal, envío de mails ou cartas con información das actividades municipais... Neste premio inclúense tamén iniciativas relacionadas coa educación en igualdade a través de programas postos en marcha desde os concellos.
5. **Turismo e cultura.** Premiaranse as mellores iniciativas de promoción turística de calquera índole (festivais musicais, festas gastronómicas, campañas publicitarias...) que acrediten o seu bo funcionamento. Premiaranse tanto iniciativas relacionadas coas novas tecnoloxías como as de promoción da cultura tradicional. Entran nesta categoría programas de posta en marcha de wifi gratuito nas rúas ou instalación municipais, a creación de aplicación informática propias do concello, o fomento da lectura a través de calquera iniciativa, a organización de festivais ou actividades culturais doutro tipo, a convocatoria de concursos de relatos ou debuxo...
6. **Demografía. Quedémonos no pobo.** Para frear o proceso de despoboación do entorno rural, premiaremos nesta categoría programas para fomentar que os veciños dun municipio non teñan que marchar e, tamén, para que veña xente nova a vivir aos nosos concellos. Nesta categoría inclúense propostas encamiñadas a fixar poboación no entorno rural así como o fomento do emprego.

Terceira. Participación

O prazo de presentación comezará o día 20 de xaneiro e manterase aberto ata o 20 de abril.

As candidaturas deberán remitirse á sede provincial do Partido Popular e deberán incluír os seguintes datos:

Nome e descrición do proxecto

Concello no que se leva a cabo

Categoría á que opta

Data en que comezou a funcionar

Toda aquela información que acredite a súa boa marcha, como poden ser o número crecente de beneficiarios desde o seu inicio, os investimentos realizados polo concello, ou calquera documentación que demostre os seus resultados a través de publicacións ou testemuñas dos participantes

Cuarta. Xurado.

Todos os proxectos presentados serán valorados por un xurado composto por:

1. ROSA GALLEGO NEIRA, presidenta.
2. JAVIER ABAD, secretario
3. Ánxeles Vázquez Mejuto
4. Fabiola García Martínez
5. Ethel Vázquez Mourelle
6. Carmen Pomar Tojo
7. Rosa Quintana Carballo
8. Evaristo Ben Otero
9. Ovidio Rodeiro Tato

O xurado poderá declarar deserto o premio tanto pola ausencia de candidaturas como pola falta de calidade dos proxectos presentados.

Quinta. Criterios de valoración.

Valorarase a idoneidade dos proxectos ou programas presentados, así como o seu encaixe en cada unha das categorías. Ademais, terase en conta o número de beneficiarios, os anos que leva en funcionamento, a innovación que supón, a repercusión e tamén a acreditación dos seus bos resultados.

Sexta. Premios.

Haberá un único premio en cada categoría e un premios absoluto.

Sétima. Confidencialidade

Toda a documentación achegada polos participantes nestes premios será considerada confidencial polo persoal da sede provincial do Partido Popular.

A Coruña, 15 de xaneiro de 2020